

PLAN DE CONVIVENCIAS E SAÍDAS



Aprobado en Claustro o 29 de xuño de 2026

Presentado en Consello Escolar o 30 de xuño de 2026

1. Introducción.....	3
2. Obxectivos.....	3
3. Actividades Propostas.....	4
3.1. Convivencias (no centro ou contorna).....	4
3.2. Saídas de centro.....	5
3.3. Planificación das saídas por ciclo/nivel.....	6
3.4. Actividades de sensibilización e formación.....	8
Para o alumnado.....	8
Para as familias.....	9
Para o profesorado.....	9
Colaboración con entidades externas.....	9
4. Organización e Coordinación.....	9
5. Avaliación.....	10
6. Anexos.....	10
Organización e seguimento de actividades complementarias ou extraescolares....	11
Modelo de autorización de saída.....	13
Solicitud de aprobaci3ns de actividade fóra de prazo.....	14

1. Introducción

O plan ten como finalidade promover un clima positivo de convivencia, favorecer relacións respectuosas e saudables entre as persoas membro da comunidade educativa, especialmente entre o alumnado, enriquecendo a súa formación mediante actividades que complementen o labor educativo ordinario tanto dentro como fóra da aula.

O presente Plan de Convivencias e Saídas forma parte das actividades Panca previstas no PEM 2025/2026 e desenvólvese ao amparo da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, así como do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve e concreta a organización, as medidas de prevención e a intervención en materia de convivencia nos centros docentes de Galicia. Así mesmo, segue as directrices establecidas na Orde do 22 de xullo de 2019, pola que se regula a elaboración, aplicación, seguimento e avaliación dos plans de convivencia nos centros educativos galegos.

Todas as actuacións incluídas neste plan axústanse ás Normas de Organización e Funcionamento (NOF) do centro, de xeito que cada convivencia, saída, actividade formativa ou obradoiro responde aos procedementos internos, protocolos aprobados e criterios organizativos fixados no Proxecto Educativo do Centro e na súa concreción anual no PXA. A planificación das actividades poderá adaptarse por etapas, ciclos ou cursos, tendo en conta as necesidades específicas detectadas polo profesorado titor, o Departamento de Orientación e a Coordinación de Convivencia.

Este plan pretende reforzar a convivencia positiva no centro a través de experiencias formativas, lúdicas e convivenciais. A coordinación entre profesorado, alumnado e familias, xunto co cumprimento das NOF e da normativa galega en materia de convivencia, garante o bo funcionamento das actividades e a súa contribución ao desenvolvemento integral do alumnado

2. Obxectivos

- Mellorar a convivencia entre o alumnado mediante actividades que complementen a súa formación.
- Fomentar valores de respecto, tolerancia, solidariedade e responsabilidade.
- Construír un ambiente escolar seguro e inclusivo, en liña coa normativa vixente.

- Favorecer o desenvolvemento persoal, emocional e social do alumnado.
- Promover aprendizaxes significativas a través de saídas culturais, deportivas e ambientais.
- Reforzar a cohesión dos grupos-clase mediante dinámicas de convivencia.
- Reducir a aparición de conflitos leves a través de actividades preventivas (círculos restaurativos, equipo de mediadores, punto laranxa...).
- Implicar ao alumnado en tarefas organizativas e de responsabilidade: reunións de delegados, participación no Consello escolar, participación en actividades de convivencia, acollida de alumnado de nova incorporación ao centro...
- Mellorar as habilidades de comunicación, cooperación e resolución pacífica de conflitos.
- Complementar os contidos curriculares cunha aprendizaxe activa en contextos externos.

3. Actividades Propostas

A participación na actividade implica asumir as normas recollidas nas NOF+C e no Plan de Convivencia, así como as propias designadas para a actividade. Durante as saídas, o comportamento deberá ser adecuado e respectuoso co grupo e coa contorna.

A súa realización debe ser xestionada polo ciclo/departamento organizador seguindo os pasos fixados na ficha de seguimento. *[Ver modelo de seguimento en Anexos]*

Para as saídas ou actividades cun número limitado de participacións, os criterios de selección quedarán a criterio do equipo dinamizador co visto e prace da dirección.

3.1. Convivencias (no centro ou contorna)

Actividades de convivencia	
1º trimestre	Convivencia na praia ao inicio do curso Magosto/Samaín en Chan da Lagoa ou Playa Ladeira Encontro de Mediadores Lectura compartida Festival de fin de trimestre polo Nadal coa colaboración da ANPA
2º trimestre	Día da Paz, xogos colaborativos Entroido, desfile no pavillón ou no Aral
3º trimestre	Actividades polo Día do Libro con lectura compartida Semana do 17 de maio Letras galegas Fin de curso Convivencia na praia ESO
ANPA	<i>Fin de curso Aquapark</i> <i>Viaxe ás Illas Cíes</i>

Dinámicas e obradoiros
<ul style="list-style-type: none"> • Xogos cooperativos e dinámicas de cohesión. • Sesións sobre igualdade, contra a violencia machista, a favor do bo trato, orientación vocacional e prevención do acoso escolar. • Reunión de delegados. • Participación en programas de prevención e fomento de hábitos saudables. • Dinamización dos recreos. • Actividades de convivencia: Mediación, Coro e Teatro. • Xornadas de acollida. • Prácticas restaurativas. • Actividades recollidas no PAT. • Participación nas actividades propostas dende o CIM poo 25N e 8M.

3.2. Saídas de centro

A xestión das saídas do centro contarán con autorización previa segundo a normativa:

- Modificación do horario lectivo: con autorización previa da xefatura de estudos.
- Saída pola contorna sen saída do concello dentro do horario lectivo: autorización previa da dirección.
- Saída fóra do concello ou do horario escolar: autorización previa do Consello escolar.

As saídas contarán coa autorización familiar e co visto bo da dirección, conforme ao procedemento establecido nas NOF+C do centro. Terán sempre carácter pedagóxico, convivencial e formativo. *[Ver modelo de autorización en Anexos]*

Exemplos de saídas

As saídas complementarias constitúen unha ferramenta educativa de grande valor para favorecer aprendizaxes significativas, fomentar a convivencia e achegar o alumnado a diferentes realidades culturais, científicas, deportivas e ambientais.

Poderán organizarse, entre outras, as seguintes tipoloxías de saídas:

- **Visitas culturais** a museos, fundacións, exposicións, monumentos, centros históricos ou espazos patrimoniais de interese.
- **Saídas científicas e tecnolóxicas** a casas da ciencia, planetarios, centros de investigación, universidades, museos interactivos ou obradoiros relacionados co ámbito STEM.
- **Actividades no medio natural** como sendeirismo, visitas a espazos naturais protexidos, granxas-escola, centros de interpretación ambiental ou programas

de educación para a sustentabilidade.

- **Actividades deportivas e de aventura** destinadas a fomentar hábitos de vida saudable, o traballo en equipo e a superación persoal, tales como orientación, actividades náuticas, escalada, rutas ciclistas ou xogos de cooperación.
- **Asistencia a espectáculos culturais e artísticos**, incluíndo representacións teatrais, concertos, sesións de cine educativo, danza ou outras manifestacións artísticas.
- **Visitas a empresas, institucións e entidades sociais** que permitan coñecer diferentes ámbitos profesionais e de servizo á comunidade.
- **Convivencias de xornada completa ou de varios días**, orientadas ao fortalecemento das relacións interpersoais, a autonomía persoal e a cohesión dos grupos.

A selección das saídas realizarase atendendo á súa vinculación cos obxectivos educativos do centro, á adecuación ás características do alumnado e á súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Finalidade das saídas

- Reforzar contidos curriculares mediante aprendizaxe activa.
- Achegar o alumnado ao patrimonio cultural, científico e natural da súa contorna.
- Promover hábitos de vida saudable e relación respectuosa co medio.
- Mellorar a convivencia a través de experiencias compartidas.

3.3. Planificación das saídas por ciclo/nivel

Saídas de 1º Trimestre	
Infantil	Saída pola contorna - Teatro
Primaria	
1º Ciclo	Teatro
2º Ciclo	Teatro
3º Ciclo	Monte de Santa Trega
ESO	
4º ESO	Visita Cidade da Cultura e Parlamento de Galicia

Saídas de 2º Trimestre	
Infantil	SAÍDA POLA CONTORNA - CINE
Primaria	
1º Ciclo	Cine
2º Ciclo	Cine
3º Ciclo	Illa de San Simón / Santiago cultural (anos alternos)
ESO	
1º ESO	Marisma da Ramallosa (CCNN + ED FISC.) Aquis Querquennis + Xurés (LINGUA E LIT GAL E PORT)
2º ESO	Visita a Cabo Udra e Museo Massó (LINGUA E LIT)
3º ESO	Visita a Museos Científicos (CCNN + FIS E QUIM)
4º ESO	Rocódromo + Museo Pontevedra (ED. FÍSICA)
CORO	Concertos en Madrid e Musical, Villablino e neve ou Gravación dun disco.

Saídas de 3º Trimestre/ fin de curso / etapa		
Infantil	Saída pola contorna - Visita a unha granxa escola	
Primaria		
1º Ciclo	Visita a unha granxa escola ou saída ao parque con incidencia en diversos transportes públicos. <i>*Segundo a dispoñibilidade do establecemento e das características dos grupos</i>	
2º Ciclo	Parque de aventuras ou similar	
3º Ciclo	5º Prim.	Visita a unha aula da natureza ou uso de transportes públicos.
	6º Prim.	Convivencia en campamento de 3 días co alumnado dos outros centros educativos do concello.

Saídas de 3º Trimestre/ fin de curso / etapa	
ESO	
1ºESO	
2ºESO	Visita a Casa Museo de Rosalía de Castro e Catoira
3ºESO	Burgos Atapuerca (Relixión e/ou Proxecto competencial)
4º ESO	Visita ao Concello De Baiona (Economía) Roma Fin de Etapa FormaMOS (Orientación vocacional)
ESO	Alumnado Portugués: visita a unha cidade de Portugal. Convivencia na praia.

3.4. Actividades de sensibilización e formación

As actividades de sensibilización e formación teñen como finalidade promover unha cultura de convivencia positiva, inclusiva e participativa, favorecendo o desenvolvemento persoal e social do alumnado e implicando a toda a comunidade educativa na prevención dos conflitos e na promoción do benestar emocional.

Para o alumnado

- Charlas e obradoiros sobre o uso seguro e responsable das tecnoloxías dixitais, redes sociais e prevención dos riscos na internet (Programa Navega con Rumbo ou similares).
- Actividades de educación afectivo-sexual adaptadas ás diferentes etapas educativas.
- Accións de sensibilización para a prevención da violencia de xénero e promoción das relacións saudables (Programa Quérote Máis ou similares).
- Obradoiros e campañas sobre igualdade, diversidade, inclusión e respecto ás diferenzas.
- Formación do alumnado mediador en habilidades de comunicación, escoita activa, empatía e resolución pacífica de conflitos.
- Dinámicas para o desenvolvemento das habilidades sociais, a educación emocional e o traballo cooperativo.
- Participación en campañas solidarias, ambientais e de promoción dos dereitos da infancia.
- Formación e participación en actividades artísticas e culturais (coro escolar, teatro, radio escolar ou proxectos similares) como ferramentas de convivencia e inclusión.

Para as familias

- Escola de nais e pais con sesións informativas sobre acompañamento emocional, uso responsable das tecnoloxías, convivencia familiar e prevención do acoso.
- Charlas e encontros con profesionais especializados en adolescencia, saúde mental, igualdade e educación afectivo-sexual.
- Participación en actividades de convivencia promovidas polo centro en colaboración coa ANPA.

Para o profesorado

- Formación en prácticas restaurativas, mediación escolar e xestión positiva dos conflitos.
- Sesións de coordinación para a unificación de criterios de actuación ante incidencias relacionadas coa convivencia.
- Actividades de actualización sobre normativa vixente, protección da infancia e benestar emocional.
- Formación en educación inclusiva, igualdade e atención á diversidade.
- Intercambio de boas prácticas e experiencias de éxito relacionadas coa mellora da convivencia escolar.

Colaboración con entidades externas

Para o desenvolvemento destas actuacións contarase, sempre que sexa posible, coa colaboración de entidades con competencias en educación (Consellería, Universidade...) do Concello, CIM, Servizos Sociais, Garda Civil (Plan Director) así como outros organismos que contribúan á educación en valores e á mellora da convivencia escolar.

4. Organización e Coordinación

- Responsables: Equipo Directivo, Coordinador de Convivencia, Departamento de Orientación, Coordinadora de benestar emocional, titorías e profesorado acompañante co apoio da persoa responsable de Actividades Complementarias e extraescolares.
- Temporalización: As actividades realizaranse ao longo do curso, segundo a planificación establecida.
- Recursos: Transporte, materiais dos obradoiros, seguros, autorizacións familiares e demais documentación recollida nas NOF.

5. Avaliación

- Avaliación trimestral por parte do profesorado do grao de cumprimento das actividades previstas.
- Enquisas ou valoracións ao alumnado sobre convivencia e satisfacción.
- Análise das incidencias rexistradas e medición do efecto preventivo das actividades.
- Propostas de mellora.

6. Anexos

Organización e seguimento de actividades:

https://centros.edu.xunta.gal/cpicovaterrena/aulavirtual/pluginfile.php/22401/mod_resource/content/5/PROTOCOLO%20DE%20ACTIVIDADES%20COMPLEMENTARIAS_FORMULARIO.pdf

Modelo de autorización de saída

Solicitud de aprobacións de actividade fóra de prazo

Organización e seguimento de actividades complementarias ou extraescolares



ORGANIZACIÓN E SEGUIMENTO DAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS OU EXTRAESCOLARES.

[Impresos modelo na Aula Virtual do CPI: CURSOS _ DocsCentro _ XESTIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS](#)

ACTIVIDADE:

1º Elaboración da xustificación didáctica da actividade proposta:

- Obxectivos previstos (da programación ou non).
- Competencias desenvoltas.
- Avaliación: adecuación da actividade aos obxectivos e competencias
- Grupo(s) alumnado previstos.
- Profesorado coordinador e acompañante.

Aprobación e incorporación na PXA do centro: Claustro (data)

Incorporación da actividade na programación da materia (PROENS).

Enquisa inicial do interese do alumnado en participar na actividade.

Autorización didáctica

Copia entregada en dirección para información e aprobación.

Distribución da autorización didáctica ao alumnado con antelación suficiente e con data límite para a confirmación da participación na actividade.

DATA LÍMITE:

Envío de ABALAR informativo ás familias. DATA:

Confirmar coas familias do alumnado que non participa o motivo.

Confirmar co/a coordinador/a das actividades complementarias as necesidades de transporte (bus) para a súa tramitación.

Elaboración do listado do alumnado que confirmou a súa participación.

Elaboración do listado do alumnado que permanecerá no centro.

Entrega de copia de ambos listados á Xefatura de Estudos

Entrega de tarefas relacionadas coa actividade á Xefatura de Estudos para o alumnado que non participa na saída.

Avaliación final da actividade para incorporar na Memoria final do Departamento.

CURSO 20 <input type="text"/> /20 <input type="text"/>	PROXECTO DE ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA E/OU EXTRAESCOLAR A INCLUIR NA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL															
TÍTULO DA ACTIVIDADE	<input type="text"/>															
NIVEL / DEPTO.	<input type="checkbox"/> EI	<input type="checkbox"/> 4º	<input type="checkbox"/> 5º	<input type="checkbox"/> 6º	<input type="checkbox"/> EP	<input type="checkbox"/> 1º	<input type="checkbox"/> 2º	<input type="checkbox"/> 3º	<input type="checkbox"/> 4º	<input type="checkbox"/> 5º	<input type="checkbox"/> 6º	<input type="checkbox"/> ESO	<input type="checkbox"/> 1º	<input type="checkbox"/> 2º	<input type="checkbox"/> 3º	<input type="checkbox"/> 4º
TIPO DE ACTIVIDADE (Saída, visita, conferencia, exposición, concerto, concurso, participación en certame...)																
<input type="text" value="VISITA AMUSEO"/>																
MATERIA/S ou DEPARTAMENTO/S que o inclúen na súa programación																
<input type="text"/>																
OBXECTIVOS que pretende:																
<input type="text"/>																
COMPETENCIAS BÁSICAS que se traballan nela:																
<input type="text"/>																
ALUMNADO QUE PARTICIPA (Anotar todos os grupos de alumnos que van participar na actividade. En caso de non ser grupos enteiros, achegar a este informe unha lista de participantes. Se exclúese a alguén, indicar claramente quen quedan excluídos e a causa da súa exclusión.):																
<input type="text"/>																
PROFESORADO RESPONSABLE QUE ACOMPAÑA AO ALUMNADO:																
<input type="text"/>																
PERSOAS ALLEAS AO CENTRO QUE INTERVEÑEN:																
<input type="text"/>																
DATA: <input type="text"/>																
HORARIO: (Se supón alteración do horario habitual, indicar en que consiste dita alteración)																
<input type="text"/>																

Modelo de autorización de saída**AUTORIZACIÓN DE SAÍDA DIDÁCTICA**

ACTIVIDADE: *Indique a actividade proposta.*

ORGANIZADA POR: *Equipo, ciclo, departamento*

HORARIO: *data, hora saída, hora estimada de chegada*

LUGAR:

- Destino 1 e actividade.
 - Detalle
- Destino 2

ACHEGA PARA O CUSTO DA ACTIVIDADE: XX€

Aclaracións sobre a saída, roupa a levar, taco, xantar, merenda, protección solar, dispoñibilidade de cafetería no lugar, servizos incluídos,...

Baiona, a 1 de xullo de 2026

O centro educativo

D/Dña con DNI.....

Pai/Nai/Titor legal do alumno/a do curso **AUTORIZO** a participación do alumno/a na actividade e fago a achega correspondente para colaborar nos custos da actividade.

O alumno/a comprométese a seguir as directrices do profesorado acompañante, a respectar os horarios establecidos, a participar na actividade prevista e a **manter unha conduta responsable**, asumindo as responsabilidades que se deriven do seu comportamento.

Se teñen calquera dúbida sobre esta actividade poden pórse en contacto co profesorado responsable da organización da actividade a través do teléfono do centro (886 120 001).

Sinatura do pai/nai /titor legal

Sinatura do alumno/a

(Devolver asinado)

Solicitud de aprobacións de actividade fóra de prazo

CURSO 20 __/20 __	PROXECTO ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA E/OU EXTRAESCOLAR SOLICITADA FORA DE PRAZO E NON INCLUÍDA NA PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL
TÍTULO DA ACTIVIDADE	
NIVEL / DEPTO.	
TIPO DE ACTIVIDADE (Saída, visita, conferencia, exposición, concerto, concurso, participación en certame...)	
MATERIA/S en cuxa programación se incluíu:	
OBXECTIVOS que pretende:	
COMPETENCIAS BÁSICAS que se traballan nela:	
ALUMNADO QUE PARTICIPA (Anotar todos os grupos de alumnos que van participar na actividade. En caso de non ser grupos enteiros, achegar a este informe unha lista de participantes. Se exclúese a alguén, indicar claramente quen quedan excluídos e a causa da súa exclusión.):	
PROFESORADO RESPONSABLE QUE ACOMPAÑA AO ALUMNADO:	
PERSOAS ALLEAS AO CENTRO QUE INTERVEÑEN:	
DATA:	
HORARIO: (Se supón alteración do horario habitual, indicar en que consiste dita alteración)	

Presentar 15 días antes da data de realización da actividade.